

[Voltar](#)

Solicitud do Número de Identificación Estranxeiros (NIE)

O Número de Identificación de Estranxeiros é un número persoal, único e exclusivo de carácter secuencial, outorgado pola Oficina de Estranxeiros. Este número non habilita a residir en España, pero será necesario para todo tipo de trámites de expedientes, actuacións oficiais ou ben por intereses económicos ou profesionais.

O NIE é imprescindible para realizar calquera transacción económica como abrir unha conta bancaria, establecer un negocio, para comprar unha vivenda ou un coche, para facer a declaración de impostos ou para calquera formulario de solicitude administrativo inherente á oficina de estranxeiros.

Como facelo Presencialmente

O número de identificación de estranxeiros é outorgado de oficio, é dicir de forma automática pola dirección Xeral de Policía a todo estranxeiro que se lle inicie un expediente administrativo; ou ben pode solicitarse sempre que se acredite o porqué da petición.

- Solicitud do N.I.E desde España: Presentarase persoalmente polo interesado ante a Oficina de Estranxeiros ou no seu defecto na Comisaría de Policía do lugar no que teña fixado o seu domicilio. Iso, en base ao artigo 11 da Lei Orgánica 1/1992, de 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá ou polo representante designado polo solicitante, acreditando que este se acha fóra do territorio nacional.

- Solicitud do N.I.E desde fóra de España : Presentarase persoalmente polo interesado na misión diplomática ou oficina consular española correspondente á súa demarcación de residencia.

O NIE é obrigatorio retiralo persoalmente.

Documentación requirida

- [Solicitud do Número de Identificación de Estranxeiro \(NIE\)](#) *Na segunda folla especificase a documentación a achegar xunto coa solicitude.*

Observacións

Ao ingresar en España, xa sexa como turista ou cun visado, atópase en situación regular de estancia. Como turista ten un máximo de 90 días e con visado o tempo de vixencia do mesmo. Antes de que finalice a súa estancia solicite o NIE xustificando os motivos da petición, despois non poderá facelo ata regularizar a súa situación.

O NIE non pode ser renovado, porque é un número único de identificación de estranxeiros que se outorga só unha vez e serve para realizar calquera tramite.

Se solicita o NIE atopándose en situación irregular pode ser motivo de apertura de expediente e sanción con consecuencias non desexadas.

Oficinas

- **Oficina de Estranxeiros**

Subdelegación do Goberno Parque de San Lazaro, 132001 Ourense
Tfno: 988.75.91.21 - 988.75.91.17

Trámites relacionados

- [Tarxeta de Identificación de Estranxeiros](#)